

---

**Xosé Manuel Sánchez Rei: *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*, Laiovento, 2006.**

---

Nun curto período de tempo, entre finais do ano 2005 e durante 2006, apareceron no mercado editorial galego dúas obras lingüísticas de grande importancia; e as dúas baixo o mesmo selo editorial, Laiovento, e coa mesma autoría, a do profesor da Universidade da Coruña Xosé Manuel Sánchez Rei. Trátase da primeira tradución para o galego do *Curso de Lingüística Xeral* de Ferdinand de Saussure, aparecida a fins de 2005, e da obra *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*, tirada do prelo en 2006. A primeira na realidade vén sendo como dúas obras reunidas nunha soa, pois contén unha ampla introdución, próxima das cen páxinas, en que se estuda, se contextualiza e mesmo se galeguiza a personalidade e a obra do pai da lingüística moderna, no sentido de se pór en relación coa realidade lingüística galega, para alén de tamén conter, naturalmente, a rigorosa tradución anotada da obra máis transcendental do lingüista suízo, cuxa publicación en galego encerra un grande valor simbólico pola importancia atinxida no desenvolvemento dos estudos lingüísticos xerais, que se reflicte nas innúmeras traducións para diferentes linguas do mundo. Da segunda obra falarase a seguir, mais non sen antes deixarmos constancia de estarmos perante dous sucesos relevantes da filoloxía galega, entendida a palabra *suceso* no seu duplo significado de evento e de resultado feliz (ou éxito), acepción esta moito do gosto do investigador coruñés, destacado filólogo con inusual vontade de estilo nos seus traballos científicos.

A publicación do volume *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* e a previa saída do prelo, un pouco antes, do extenso traballo *A lingua literaria galega no século XIX* (Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña, 2005), de que Xosé Manuel Sánchez Rei tamén é coautor, que se acrecentan a outros traballos xa aparecidos con anterioridade, entre os que se debe destacar pola súa proximidade e interese *O idioma galego no limiar da súa renacemento* (Monografía 2 da *Revista Galega de Filoloxía*), de Ramón Mariño, veñen a completar o estudo da lingua galega no importante período decimonónico dunha forma global e nun principio suficiente, independentemente de que poidan e deban aparecer outros estudos parciais de fenómenos particulares ou da lingua de autores e textos determinados. O estudo da lingua do século do Rexurdimento literario, o primeiro en que aparecen textos escritos en galego cuantitativamente significativos após a época medieval, non podía ficar satisfactoriamente completado en canto non se realizase unha

análise en profundidade da lingua reflectida nos cantares populares recompilados por Pérez Ballesteros e dos comentarios de contido lingüístico que el mesmo incluíu en notas de rodapé, todos eles de grande interese por constituíren testemuños directos e en moitos casos únicos da fala popular da época. O presente traballo de Sánchez Rei confirma tal aseveración e, ao mesmo tempo, ratifica plenamente a necesidade deste estudo.

A obra consta de catro capítulos que conforman un extenso volume de máis de catrocentas páxinas. No primeiro deles (“Introdución: o Rexurdimento e o *Cancionero Popular Gallego* de Pérez Ballesteros”) trátanse diferentes aspectos de interese relativos á época e ao autor/ recompilador do cancionero, con carácter introdutorio para a posterior análise da lingua: o contexto (pp. 15-30), o estudo e compilación da lírica tradicional desde o século XVIII até aos nosos días (pp. 31-43), a obra de Pérez Ballesteros como folclorista, poeta e tradutor (pp. 44-74), a cuestión da música (pp. 75-82), a muller como transmisora da lírica tradicional na época do autor (pp. 83-91), as características do cancionero de Pérez Ballesteros canto á estruturación, fontes e sistema de notación (pp. 92-119), e, por último, a recepción e proxección deste cancionero (pp. 120-132). Como se ve, é un extenso capítulo onde se abordan todos aqueles temas que gardan relación directa co cancionero e que contribúen a contextualizar de forma adecuada este e o seu compilador, a destacar nomeadamente, pola súa relativa novidade neste tipo de estudos, os apartados dedicados á importancia da muller como transmisora da lírica tradicional e á música de xinea popular, temática de que Sánchez Rei demostra ser gran coñecedor.

O capítulo segundo (“A lingua galega no *Cancionero Popular Gallego*”) constitúe o núcleo do volume, pois, de acordo co seu título, céntrase no estudo da lingua galega reflectida no cancionero tradicional máis importante naquela altura. Após a análise da periodización do galego escrito con relación ao cancionero de Pérez Ballesteros (pp. 133-144) e a exposición das ideas deste a respecto do galego, nomeadamente no relativo á cuestión ortográfica e aos termos lingua/ dialecto (pp. 145-160), Sánchez Rei vai ir estudando en profundidade as diferentes clases de palabras do punto de vista gramatical, prestando atención tanto á variación morfosintáctica reflectida nos diferentes cantares como ás propias notas de rodapé que o compilador incluía para comentar aspectos determinados relativos ao lugar en que foron rexistradas, á frecuencia do seu uso, á comparación coas formas castelás correspondentes, a valores expresivos mesmo etc., todas elas de grande interese por constituíren en moitos casos testemuños únicos sobre determinados fenómenos lingüísticos da época. Canto ao nome (pp. 161-202), trátanse aspectos relativos aos substantivos propios e comúns, ás flexións de xénero e número, ás terminacións, a ausencia ou presenza de marca preposicional co complemento directo e outras consideracións específicas dos adxectivos. A clase pronominal (pp. 203-248) é revisa-

da por extenso na súa variada tipoloxía, cunha especial atención aos pronomes persoais, onde se atestan formas e usos de grande relevancia (dativo de solidariedade, interpolacións, próclises expresivas etc.). O verbo (pp. 249-306), perspectivado tanto na súa variedade morfolóxica como nos usos e valores expresivos, incluídas as perífrases, ofrece grande interese para o coñecemento da lingua do período, como tamén algúns aspectos relativos aos adverbios, preposicións e conxuncións (pp. 307-330). Un último e extenso apartado do capítulo segundo é dedicado ao léxico do cancionero (pp. 331-410), que termina cun apéndice vocabular en que se inclúen, en forma de dicionario, aqueles termos que ao longo dos tres volumes da obra de Pérez Ballesteros foron obxecto dalgún tipo de comentario por parte deste, coas oportunas remisións para a súa fácil localización.

O capítulo terceiro (“Cabo: A lingua do *Cancionero Popular Gallego* perspectiva da desde a actualidade”), moito máis reducido (pp. 411-420) e de carácter conclusivo, contén importantes consideracións a respecto daqueles trazos lingüísticos, especialmente de natureza morfosintáctica e léxica, que, estando perfectamente atestados na lingua popular a través da súa presenza nos cantares tradicionais, reforzada en moitos casos polos comentarios de ropadé do compilador, están hoxe en transo de desaparición ou teñen a consideración de arcaicos e/ou puramente literarios, como por exemplo certas colocacións dos clíticos a respecto do verbo, a ausencia de *a* con complemento directo de persoa, o uso do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo, a perífrase *ter de* + infinitivo etc. Aproveita, pois, Sánchez Rei os resultados do seu estudo sobre a lingua reflectida no cancionero de Pérez Ballesteros para chamar a atención sobre a autenticidade dalgúns usos idiomáticos e para nos advertir da perigosa deriva cara ao español que se pode observar no galego durante a súa última etapa.

O capítulo cuarto dedícase ás referencias bibliográficas, tanto de cancioneros, publicacións periódicas e textos literarios que serven de fontes de exemplificación, onde se poden resaltar algunhas obras, sobre todo musicais, de coñecemento moito restrito e de difícil localización, como de traballos de natureza lingüística, entre os que están practicamente todos aqueles que foron elaborados no século XIX ou que fan referencia á lingua desa época. Así pois, o autor manexou aquelas fontes de información lingüística, directa e indirecta, máis acaídas para o propósito do seu traballo, que cristaliza nunha obra rigorosa e ben documentada.

En conclusión, *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* é un estudo exhaustivo e profundo da lingua galega reflectida a través do máis importante corpus de cantares tradicionais que posuímos do século XIX, sendo tamén a documentación lingüística de máis relevancia para nos aproximarmos do modelo de fala popular da altura, perante a ausencia doutras fontes de documentación por razóns de natureza sociolingüística. Pódese afirmar que a obra de Xosé Manuel Sánchez Rei constitúe a mellor radiografía posíbel da fala decimonónica, pois, alén dos can-

tares recompilados nos tres volumes que son obxecto de estudo, o autor acode a outras fontes de información lingüística de carácter popular e tradicional para confrontar con aqueles e obter, desa forma, unha máis completa achega de datos. O resultado é unha obra básica e definitiva para coñecermos a lingua galega reflectida no cancionero de Pérez Ballesteros e, por extensión, para coñecermos a fala popular da altura.

*Xosé Ramón Freixeiro Mato*